

<b>Título</b>	<b>A QUEN ADMIRAMOS</b>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorar comportamentos relacionados coa cooperación, a solidariedade ou a amizade por riba doutros máis de “moda”, como a competitividade ou a agresividade.</li> <li>• Reflexionar e analizar desde unha perspectiva de xénero os modelos e referentes que teñen os/as cativos e os valores que están a aprender e reproducir.</li> </ul>
<b>Enfoque</b>	<p>Cadaquén elixe dúas persoas ás que admire: unha próxima e outra famosa. Debe escribir os nomes e unha lista de cousas polas que admira esas persoas. Logo poremos en común os nomes das persoas seleccionadas e mais as características que prevalecen nelas.</p> <p>Trátase de reflexionar sobre os modelos que teñen os participantes, en que persoas se fixan (se son mulleres ou homes) e que características admiran (actitudes solidarias, cooperativas, de acercamento entre persoas, intelectuais... ou máis ben actitudes agresivas, competitivas, individualistas, unicamente estéticas?)</p>
<b>Materiais</b>	Material de escrita
<b>Descrición</b>	
<b>Tempos</b>	<b>Paso a paso</b>
5'	Introdución
2'	Cada participante escolle dúas persoas que admire moito (unha próxima e outra famosa). O primeiro é escribir os seus nomes.
10'	De cada unha das dúas persoas, pedímoslles que fagan unha listaxe de cousas polas que as admiran.
15'	Poñemos en común nun rotafolio ou encerado as personaxes seleccionadas e mais as características que prevalecen nelas.
20'	<p>Facemos unha análise conxunta das dúas listaxes, coas seguintes preguntas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Hai máis homes ou mulleres? Por que?</li> <li>• As características seleccionadas responden máis ao papel tradicional masculino ou ao feminino?</li> <li>• Que é o que admiramos?</li> <li>• Que admiramos en mulleres? Que admiramos en homes?</li> <li>• Admiramos nas mulleres cuestións relacionadas co seu físico ou por razóns intelectuais?</li> <li>• Que hai en nós das características seleccionadas das persoas que admiramos?</li> </ul>
<b>Fonte</b>	<a href="http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/irisundi.pdf">http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/irisundi.pdf</a>